

Imos ir de viaxe polo corpo humano.



Embarcaremos en tres submarinos.



Bieito non vai porque lle dá medo.



Agacharemos os submarinos dentro dunha froita.



¿Sabedes como conseguiremos meter os submarinos na froita?



Imos explorar o aparato dixestivo.



Aprenderemos para que serve.



Tamén, as partes que ten.



Alberto e mais eui quedaremos fora para dirixir o camiño dos submarinos.



Nun dos submarinos iremos Enzo, Isma, Dani e mais eu.



Noutro embarcaremos, Anxo, Nere e mais eu.



E no terceiro, Uxía, Laura e mais eu.



O que perguntou Lau:
¿Como conseguiredes
meter os submarinos na
froita?

Pois utilizando os poderes máxicos
da fregona de Dani.

Estivo estudando na Escola
Hogwarts de Maxia e Feiticería
con Harry Potter, Hermione
Granger e Ron Weasley.
Aprendeu a dominar os
poderes da fregona.





Tes que ver este vídeo de internet sobre
o APARATO DIXESTIVO

<https://www.youtube.com/watch?v=ClhwGRIBEQ8>

Si, tamén podó falar.



Metimos os tres mimi-
mimi-mini-submarinos
nunha mora.




Que regalamos a
alguén de terceiro.
Non diremos o
nome.



Para que a mora aproveite a este compañeiro/a segredo, ten que transformarse para que a leve o sangue por todo o corpo.

Todo este cambio que se produce na mora chámase **dixestión**.




A dixestión comeza na boca.

Na boca traballan os dentes, a lingua e a saliva.


Esmagan e abrandan a mora para que poida seguir o camiño sen atragoarnos



O alimento continúa pola **farinx**, un tubo mais ben pequeniño, situado no pescozo. O marabilloso da farinx é que por ela pasa o aire e a comida e cada un segue camiños diferentes sen confundirse.



Da **farinx**, o alimento chega ao **esófago**. É un tubo de 25 a 30 cm que chega ao estómago. Nas súas paredes hai músculos que se contraen e empurran con forza o alimento cara o estómago.



Agora entramos no **estómago** que é un agrandamento do esófago..


Eu son o estómago. Teño forma de saco, e podo aumentar e diminuír o meu tamaño. ¿Sabias que eu podo gardar case un litro e medio de comida?

Aquí o alimento mestúrase cos zumes gástricos e desfáise.

Agora pasaremos ao intestino delgado.


O **intestino delgado** é un tubo que mide uns sete metros e que está no centro da barriga.

O **intestino delgado** produce zumes intestinais que axudan na dixestión. Ademais, por uns pequenos condutos, recibe uns líquidos, a biles e o zume pancreático, que tamén interveñen na dixestión. A bile fábricase no **fígado**; o zume pancreático, no **páncreas**.



No **intestino delgado** finaliza a dixestión e os alimentos acaban de transformarse en nutrientes. Ao seu paso polo **intestino delgado** estes nutrientes pasan ao sangue.

O **intestino grosso** mide arredor de 1 metro. Tamén está na barriga, e é mais curto que o intestino delgado, pero mais gordo.
Aquí chega o que non pasou ao sangue e o **intestino grosso** sácalle a auga.



Agora só queda a caca que se acumula ao final do **intestino grosso**. A caca sae por un burato que se chama **ano**. E con isto remata o traballo do aparato dixestivo.

E agora ¿que vai pasar?





¿Hai alguén aí que nos axude?

¡Socorro!

¡Ainara, Berto, acudídenos!

Alberto, bótalles una man.

Eu non penso meter aí a man, faino ti.

¡Eu non, ti!

¡Eu non, ti!

¡Profe, ven que pasou algo!

